



CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE

DELEGACION PROVINCIAL

Servicio de Montes e Industrias Forestais

LUGO - Ronda Muralla, 70 · 1.ª planta

CARPETA DEL MONTE: "MORA E, O FIAL"

COMUNIDAD PROPIETARIA: Parroquia de FIÓN

TERMINO MUNICIPAL: O SAVIÑO

Año



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 16/1999.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Luis González Vázquez.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a vintenove de marzo do dous mil, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 16/1999 para a posible clasificación como veciñais en man común dos montes "MORA e O FIAL", no concello do SAVIÑAO, iniciado por acordo do Xurado coa data do 15 de xuño de 1999, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 2 de agosto de 1999), iniciouse o expediente número 16/1999 (por instancia de DON JOSÉ GÓMEZ VARELA e dous veciños máis da parroquia de FIÓN, concello do SAVIÑAO), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 10 de agosto de 1999, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 17 de agosto de 1999, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " MORA e O FIAL ", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1999 (registro de saída número 116.623, do día 2 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acrediten o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificacións de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 10 de setembro de 1999, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que os montes " MORA e O FIAL ", tal e como se describen na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, non figuran inscritos nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ós predios que se certifican.

SEXTO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (registro de saída número 140.178, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (registro de saída número 140.185, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (registros de saída números 140.188 e 140.166, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello do **SAVIÑAO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello,

nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertencen os citados montes.

NOVENO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (rexistro de saída número 140.188, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ GÓMEZ VARELA**, con domicilio na parroquia de **FIÓN**, concello do **SAVIÑAO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (rexistro de saída número 140.192, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON SERGIO FERNÁNDEZ DÍAZ**, con domicilio na parroquia de **FIÓN**, concello do **SAVIÑAO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (rexistro de saída número 140.195, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ**, con domicilio na parroquia de **FIÓN**, concello do **SAVIÑAO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 22 de outubro de 1999 (rexistro de saída número 140.218, do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 11 de novembro de 1999, comparecen no expediente: **DON MANUEL QUIROGA VÁZQUEZ**, presidente da Asociación de Veciños da parroquia de **FIÓN**, o vocal da mesma **DON FERNANDO BELTRÁN QUIROGA** e o tesoureiro **DON TELMO PÉREZ RODRÍGUEZ**. Manifestan o seu apoio á clasificación dos montes "**MORA e O FIAL**", como veciñais en man común. Tamén manifestan que dentro do perímetro dos montes "**MORA e AGUIANZO**" (expediente 154/80), clasificados polo Xurado coa data do 22 de novembro de 1982, veñen aproveitando desde tempo inmemorial un total de 13 hectáreas, e fan constar que realizarán as xestións oportunas para que se lles recoñeza a súa pertenza.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 20 de novembro de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (Letra A,

predio 13.354, folio 105, libro 129, concello do SAVIÑAO, tomo 720 do arquivo).

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 22 de novembro de 1999, aparece publicado o EDICTO no D.O.G. número 225, páxinas 13.711 e 13.712, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes " MORA e O FIAL ".

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 30 de novembro de 1999, recibíuse DILIXENCIA do concello do SAVIÑAO, na que se fai constar que o EDICTO estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello, desde o día 26 de outubro ata o día da data.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 19 de xaneiro do 2000 (registro de saída número 5.803, do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de FIÓN, concello do SAVIÑAO, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes " MORA e O FIAL ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 18 de febreiro do 2000 (registro de entrada número 30.231, do día 21 do mesmo mes e ano), recibíuse comunicación do alcalde de barrio da parroquia de FIÓN, concello do SAVIÑAO, na que como vocais representantes no xurado pola comunidade implicada, resultaron elixidos:

DON MANUEL QUIROGA VÁZQUEZ.

DON TELMO PÉREZ GARCÍA.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- A parcela ubicada máis ó oeste coñecida polo nome de "O FIAL", está cuberta de mato de toxo e algún piñeiro. Aproveitase mancomunadamente entre os veciños da parroquia de FIÓN polo que reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

A parcela ubicada máis ó leste coñecida polo nome de " MORA " está cuberta na actualidade por herbáceas e toxos rastreiros. Tamén ten aproveitamentos mancomunados e reviste polo tanto o carácter de veciñal en man común, conforme ó disposto no mesmo artigo da mesma Lei.

Os veciños desta parroquia manifestan que o límite dos concellos do SAVIÑAO e PANTÓN, non é o correcto, xa que veñen aproveitando dentro do segundo unhas 13 hectáreas. Dado que tal superficie foi asignada por este Xurado ó expediente número 154/80, monte "MORA e AGUIANZO", pertencente ós veciños da parroquia de VILAR DE ORTELLE, concello de PANTÓN, e sen que con posterioridade á resolución de clasificación coa data do 22 de novembro de 1982 se reclamase contra a mesma, non procede tal suposto na actualidade por vía administrativa.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes das seguintes características:

Nomes: " MORA e O FIAL ".
Pertenza: veciños da parroquia de Fión.
Superficie: 14 ha.
Concello: O Saviñao.

Estremas do monte " MORA " (7 hectáreas):

Norte: camiño veciñal á parroquia da Cova, predios particulares da parroquia de Fión, monte veciñal da parroquia da Cova e predios particulares da Cova. Leste: predios particulares da parroquia de Fión. Sur: termo municipal de Pantón. Oeste: termo municipal de Pantón e predios particulares da parroquia da Cova.

Estremas do monte " O FIAL " (7 hectáreas):

Norte: predios particulares da parroquia de Fión. Leste: predios particulares da parroquia de Fión. Sur: camiño veciñal de Fial. Oeste: predios particulares da parroquia de San Vicente de Castillón (concello de Pantón).



[Handwritten scribble]

[Handwritten scribble]

[Handwritten signature]

Situación, Orientación, Pendiente y Accesos

El monte denominado "MORA E O FIAL", se encuentra situado, en la cuenca del río Miño y en el Término Municipal de O Saviñao.

Esta integrado por dos parcelas. Estando sus cotas comprendidas entre la máxima de 595 metros de altitud en la parcela nº 2 y 570 metros de altitud en la parcela nº 1.

Los accesos son buenos, ya que para llegar al monte tenemos la carretera comarcal Saviñao - Pantón la carretera local a Casa de Monte y a una red importante de caminos vecinales que cruzan el monte.

Superficies

El monte objeto de esta carpeta - ficha esta formado por dos parcelas:

Parcela nº 1.- Denominada "O Fial" tiene una superficie de 7 has.
Parcela nº 2., Denominada " Mora" tiene una superficie de 7 has.

Límites y Perímetros

Parcela nº 1.-

N: Fincas particulares de la Parroquia de Fión
E: Fincas particulares de la Parroquia de Fión.
S: Camino vecinal de Fial.
O: Fincas particulares de la Parroquia de San Vicente de Castillón.

Parcela nº2.-

N: Camino vecinal a la Parroquia de Acova, fincas particulares de la Parroquia de Fión, monte vecinal de la Parroquia de Acova y fincas particulares de la Parroquia de Acova.
E: Fincas particulares de la Parroquia de Fión.
S: Termino municipal de Patón
O: Termino municipal de Patón y fincas particulares de la Parroquia de Acova.

Observaciones sobre los Límites

Según los vecinos, la parcela nº 2 denominada "Mora" de 7 has pasa en los límites E, S y O 13 has más del límite de término municipal entre O Saviñao y Patón. Los vecinos de la comunidad de la Parroquia de Fión (O Saviñao) aseguran que el límite, que respetan los vecinos, entre los dos municipios antes citados, no corresponde al que figura en los planos 1:10.000 1:25.000 y 1:50.000,

Estado Forestal, Aprovechamientos

Este monte, tienen suelos de origen silíceo con pocos fenómenos de erosión, y ha estado relativamente raso, la parcela nº 1 esta cubierto por matorral de poca talla, tojo (*Ulex sp*), helecho (*Pteridium aquilinum*) ya que el aprovechamiento comunal que se llevo en esta parcela era la de pastizal. La parcela nº 2, en la actualidad esta cubierta con abundante matorral, en el que destacan: tojo (*Ulex europea*) xestas (*Cytisus sp.*), y brezos (*Ericas sp*).

El aprovechamiento más generalizado de estos montes fue siempre el pastoreo, aunque no escaseó el desbroce para cama de ganado, aprovechamiento que sigue en la actualidad, y el laboreo del terreno para siembra de cereal, sobre todo centeno,

Es de destacar que su aprovechamiento fue realizado siempre en común por los vecinos de la Parroquia de Fión.

Estado socio-económico

Comarca rural con una población de tradición agrícola y ganadera, siendo esta última la que proporciona la mayor parte de los ingresos. La población esta uniformemente repartida en pequeños núcleos de población que tienen gran dependencia de Monforte de Lemos.


Economía poco desarrollada, apegada a sistemas y costumbres tradicionales.

Mano de obra abundante, con índices de desempleo elevados.

Gran peso de las explotaciones agrícolas y ganaderas, donde el ganado vacuno tiene una importancia capital.

La agricultura de autoconsumo continúa practicándose en la mayor parte de las explotaciones.

Croquis del monte cuya declaración se propone.
 Zona ya clasificada como VMC que los vecinos de Fión consideran de su pertenencia.
 Croquis de montes declarados en mano común.



JUNTA DE GALICIA
 Servicio de Montes e Industria
 LUGO
 DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE
 1999, Junio de 1999
 La Ingeniera Téc. Forestal
 Fdo.: Pilar Vega Alonso